



# OBRADOIRO DE CONVIVENCIA

## PROGRAMA CALÍ

### FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO

#### CONTEXTO

O obradoiro de convivencia está enmarcado no Programa Calí que busca a mellora socio-laboral de persoas en situación de vulnerabilidade, en particular mulleres xitanas, a través do fomento da igualdade de oportunidades, da igualdade de xénero e a loita contra toda forma de discriminación.

Supón unha gran oportunidade para a FSG na medida en que nos permite ampliar a intervención que xa levamos a cabo nos territorios, xeralmente baseado nos ámbitos do emprego e a educación pero tamén en diversas localidades no apoio á inclusión social, ao ámbito da promoción da igualdade.

Coa intención de intensificar o noso traballo na loita contra a discriminación que sofre a comunidade xitana poñemos en marcha unha serie de accións de sensibilización e incidencia na promoción da igualdade en todos os seus ámbitos, entre elas, este obradoiro.

#### OBRADOIRO DE CONVIVENCIA

Esta actividade, dentro da área de igualdade de trato, quere dar a coñecer as realidades diversas da comunidade xitana, coa intención de colaborar dende a interculturalidade, cos espazos de convivencia dos centros de ensino.

Esta formación responde á necesidade de facer fronte á ola de crecente *antixitanismo* que se traduce en situacións de discriminación e na vulneración de dereitos fundamentais. A realidade é que a comunidade xitana é o colectivo social máis rexeitado pola poboación maioritaria dacordo cos últimos estudos do CIS.

#### OBXECTIVOS

Contribuír a desmontar estereotipos –e, con isto, actitudes discriminatorias e prexuízos- e proporcionar una visión heteroxénea da comunidade xitana.

O principal obxectivo é facilitar a convivencia e a interculturalidade, traballando a empatía e poñendo en valor a diversidade.